

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**CIFP DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

**Modelo MD81PLA01**

**Proxecto Funcional do CIFP**

**VALENTIN PAZ ANDRADE**

**Período: plurianual.**

**Revisado en setembro 2018.**

## Índice

---

1	Descrición do ámbito económico, social e laboral do CIFP.....	3
2	Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP.....	5
3	Sistema organizativo do CIFP (anexo I).....	7
4	Procedementos de xestión do CIFP (ANEXO II).....	10
5	Oferta integrada do CIFP.....	11
	5.1. Ensinanzas propias da formación profesional inicial.....	11
	5.2. Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras.....	12
	5.3. Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada.....	13
	5.4. Outras.....	14
6	Programacións das accións formativas existentes no CIFP.....	14
7	Plan de orientación profesional (Anexo III).....	15
	7.1. Plan de acción tutorial (Anexo IV).....	15
8	Proxecto lingüístico do CIFP (ANEXO V).....	15
9	Plan de autoprotección (ANEXO VI).....	15
10	Plan de organización e convivencia da residencia (de ser o caso).....	15
	10.1. Descrición da residencia: instalación, persoal, destinatarios, servizos ofrecidos, horario e uso de instalacións.....	15
	10.2. Réxime de funcionamento.....	15
	10.3. Réxime de convivencia.....	16
	10.4. Programación de actividades.....	16
	10.5. Orzamento.....	16
	10.6. Plan de autoprotección.....	16
	10.7. Criterios e indicadores de avaliación da xestión da residencia.....	16
11	Dispoñibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIFP.....	16
12	Dereitos e deberes do alumnado.....	17
13	Outros proxectos ou plans que o CIFP pretende desenvolver.....	18

# 1 Descripción do ámbito económico, social e laboral do CIFP

---

Os centros integrados de formación profesional (CIFP) foron creados por a Lei Orgánica 5/2002 de 19 de xuño das cualificacións e da formación profesional, e a regulación dos seus requisitos básicos desenvólvese mediante o Real Decreto 1558/2005 de 23 de decembro.

O CIFP Valentín Paz Andrade é un centro público, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, resultado da transformación dun IES. Transformación que se recolle no Decreto 154/2006 de 7 de setembro (DOG 18/09/2006) polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Progresivamente foise desenrolando a normativa que regula a día de hoxe en Galicia os centros integrados de formación profesional, e que serve de marco para o desenvolvemento dos CIFPs, entre eles o Valentín Paz Andrade:

- Decreto 266/2007 por o que se regulan os Centros Integrados de formación profesional (DOG 28/01/2007).
- Orde de 22 de xaneiro de 2009 por a que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos CIFP en Galicia (DOG 13/02/2009).
- Orde de 23 de xuño de 2009 por a que se anuncia a convocatoria pública para a provisión por o sistema de libre designación, de postos de directores e directoras de CIFP (DOG 29/06/2009).
- Decreto 77/2011 de 7 de abril por o que se establece o regulamento dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e O. U. (DOG 10 de maio de 2011).
- Orde de 29 de xullo de 2011 por a que se desenvolve o Decreto 77/2011 de 7 de abril, por o que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e O. U.

O CIFP Valentín Paz Andrade atópase na periferia da cidade de Vigo: Estrada vella de Madrid, 160 (Meixueiro). Nunha área preto de importantes vías de comunicación (autovía das Rías Baixas, autoestrada A Coruña-Tui, autoestrada a Baiona, 2º cinto de Vigo,...); próximo tamén ao aeroporto de Vigo. A zona conta cunha grande presenza industrial: polígonos do Concello de Vigo, Mos e Porriño.

Ademais da presenza do sector industrial, no noso entorno máis próximo tamén destacamos outros servizos e dotacións de grande relevancia para a cidade e os concellos limítrofes: hospital, outros centros educativos de carácter público e privado, a Universidade de Vigo, etc. Recentemente, se construíu tamén unha área comercial na zona.

O CIFP Valentín Paz Andrade intentou (durante máis de 50 anos ao servizo da formación profesional) e intenta ser un foco de aprendizaxe para todo o entorno económico, social e laboral da cidade de Vigo e a súa área de influencia, facendo da formación unha peza clave para a inserción laboral das persoas, facilitando tanto o acceso ao primeiro emprego como á formación das persoas que necesitan adaptarse ás novas ofertas do mercado. Así mesmo participa activamente nos procedementos de acreditación de competencias profesionais.

Tamén intentamos dar resposta ás necesidades das empresas do entorno, facilitando formación específica e conxuntural naquelas áreas onde se detecten necesidades formativas.

Independentemente das circunstancias económicas e sociais, o noso centro debe ofrecer oportunidades formativas flexibles e adaptadas que poidan favorecer un mellor acceso ao mercado laboral, adaptándose a unhas demandas diferentes e máis versátiles.

A oferta formativa dos CIFP, en xeral, non só se dirixe a estudantes que optan por ensinanzas profesionais dentro da formación regrada, senón a outros colectivos como persoas demandantes de emprego ou traballadores en activo, así como as persoas que solicitan un recoñecemento da súa experiencia profesional.

Os CIFP, o noso tamén, diversifican a oferta formativa adaptándoa ás novas fórmulas de certificación e acreditación que facilitarán non só un acceso máis fácil ao mercado laboral senón que tamén darán oportunidades de retorno ao sistema regrado de ensinanzas a todas aquelas persoas que así o desexen.

Neste sentido para o CIFP Valentín Paz Andrade resultan de especial importancia o servizo de información e orientación profesional para as persoas demandantes de formación, en estreita colaboración con todos os axentes sociais e económicos do noso entorno, así como outras institucións de carácter local e autonómico, que permitirán que se poidan tomar decisións coñecendo a realidade máis inmediata, as posibilidades de acceso ao mercado laboral e as demandas do sector produtivo.

Todo elo require, unha vez máis, da estreita colaboración do CIFP con todos os axentes e actores do contorno e un novo modelo de relación que ata fai pouco tempo non formaba parte da cultura organizativa e de funcionamento do noso centro. Somos conscientes da importancia dos cambios que se están a producir, e esta é unha das nosas liñas de actuación prioritarias.

Para dar resposta ás necesidades do contorno é requisito imprescindible coñecer este, as empresas e outras entidades tanto de carácter produtivo como social, e establecer canles de comunicación, información e colaboración entre as mesmas.

Deberemos analizar e establecer vínculos co contorno, así como desenvolver acordos e convenios con empresas, institucións e outras entidades para o aproveitamento dos recursos dispoñibles.

## 2 Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP

Os obxectivos específicos e as prioridades e/ou liñas de actuación do CIFP Valentín Paz Andrade, teñen que ver coas funcións e/ou fins que se recollen no artigo 5º do Decreto 266/2007:

- a) A cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida, mediante o establecemento dunha oferta de formación profesional modular, flexible, de calidade, e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas do sector produtivo.
- b) Cando proceda, no marco do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional, a contribución á avaliación e á acreditación de competencias profesionais adquiridas por as persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación, promovendo así a valoración social do traballo.
- c) A presentación dos servizos de información e orientación profesional ás persoas para tomar as decisións máis axeitadas respecto das súas necesidades de formación profesional en relación co contorno produtivo no que se desenvolvan.
- d) O establecemento dun espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional e o contorno produtivo sectorial e local, para desenvolver e estender unha cultura da formación permanente, contribuíndo a prestixiar a formación profesional.
- e) O fomento da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, con especial incidencia na erradicación de prexuízos.
- f) A facilitación do acceso da mocidade ao primeiro emprego, así como da conservación e a mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos que se manifestan nos sectores produtivos da nosa comunidade.
- g) O impulso á mellora das aptitudes e das competencias do alumnado, promovendo proxectos de mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación nun contexto europeo.

O CIFP Valentín Paz Andrade contempla como obxectivos neste proxecto funcional aqueles que aparecen referenciados ao **Plan Estratéxico da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**. A día de hoxe, e segundo as indicacións que parten do comité de calidade da rede de centros integrados, son os que seguen estando en vigor para os centros:

- **Promover o éxito e a calidade educativa.**
- **Potenciar a oferta das distintas modalidades de formación profesional, especialmente a FP Dual e a FP a distancia.**
- **Favorecer o plurilingüismo e a internacionalización.**
- **Impulsar a innovación na formación profesional.**
- **Fomentar a colaboración entre o CIFP e as empresas, promovendo a transferencia de coñecemento, para a mellora da competitividade e da inserción do alumnado de formación profesional.**
- **Impulsar o emprendemento.**

Podemos concluír, que dende o CIFP Valentín Paz Andrade, debemos asumir como retos máis inmediatos:

1. Asegurarnos unha boa planificación conxunta (centro, administración, organizacións empresariais e sindicais, outras institucións, etc.) que dea resposta ás necesidades dos sectores produtivos e da sociedade, en xeral.
2. Establecer medios e procedementos para a colaboración e coordinación entre institucións, organizacións, etc.
3. Mellorar a xestión económica do centro.
4. Potenciar a xestión de calidade.
5. Potenciar a nosa participación en proxectos de innovación.
6. Facilitar a formación do profesorado en xeral, e do equipo directivo e dos responsables dos departamentos e coordinacións en particular.

A partir do curso académico 2017-2018, formando parte da adaptación á Norma ISO de calidade 2015, o sistema de xestión de calidade incorpora anualmente unha análise de riscos e oportunidades, polo que se identificarán as partes interesadas e as súas expectativas, que servirán de base para a análise de riscos e oportunidades. Os resultados destas análises fará

incorporar ou modificar obxectivos nos diferentes plans anuais e nalgún caso, mesmo nos obxectivos do proxecto funcional.

Parte interesada	Necesidades e expectativas da parte interesada
Equipo directivo	- Obter o máximo grao de satisfacción das partes interesadas. - Recibir poucas reclamacións.
Familias / alumnado	- Coñecer os contidos que se van a impartir e os criterios que se van a aplicar. - Coñecer as faltas e incidencias.
Persoal do centro	- Coñecer equipos e instalacións dispoñibles e normas de uso. - Oportunidades de formación.
Provedores	- Cobrar no menor prazo posible. - Contactar facilmente co centro. - Proporcionar o maior número de artigos ou servizos.
Administración	- Recibir poucas reclamacións.
Empresas	- Dispor dunha oferta de profesionais altamente cualificados.

### 3 Sistema organizativo do CIFP (anexo I)

Segundo establece o Regulamento Orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional (Decreto 77/2011 de 7 de abril), a estrutura organizativa distribúese en tres áreas de funcionamento, para afrontar os fins e as funcións propias destes centros, mellorar as relacións coa comunidade e co ámbito produtivo e fomentar as relacións e o intercambio de experiencias entre os centros integrados (rede). (ANEXO I)

As áreas de funcionamento son:

- A. **Área de calidade, innovación e orientación profesional.** Con responsabilidade na xestión de calidade, na innovación educativa e tecnolóxica, na formación do profesorado, nos programas internacionais, na relación con empresas, entidades, asociacións e outras institucións, na información e orientación profesional, na organización e na xestión dos procedementos para obtención dun título de formación profesional por vías de aprendizaxe non formais e de calquera outra proba que a consellería competente convoque.
- B. **Área de formación.** Con responsabilidade na organización e na xestión das actividades formativas e do persoal docente do centro integrado.
- C. **Área de administración e xestión.** Con responsabilidade na administración e na xestión económica, administrativa, de material, de prevención de riscos laborais e de persoal non docente do centro integrado.

## ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Os órganos unipersoais de goberno constitúen o equipo directivo, que traballará de xeito coordinado para lograr os fins e desenvolver as funcións dos centros integrados, a calidade e a excelencia do centro integrado. Son órganos unipersoais de goberno:

- A dirección
- A vicedirección (exercerá a xefatura da área de calidade, innovación e orientación profesional).
- A xefatura de estudos (exercerá a xefatura da área de formación).
- A secretaría (exercerá a xefatura da área de administración e xestión).

O nomeamento e o cesamento dos órganos unipersoais de goberno, así como as súas competencias aparecen recollidas e desenvolvidas no citado Decreto 77/2011 do 7 de abril e na Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011.

## ÓRGANOS COLEXIADOS DE PARTICIPACIÓN

- **O Consello Social:** órgano de participación da sociedade nos centros integrados de formación profesional. A súa composición e as súas funcións aparecen recollidas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social nos centros integrados de formación profesional de Galicia.
- **O Claustro de profesores e profesoras:** órgano de participación do profesorado na actividade do centro. Entre as súas competencias destacar: formularlle ao equipo directivo e ao Consello Social propostas para a elaboración do Plan anual; promover iniciativas no ámbito da experimentación e da innovación pedagóxica e na formación do profesorado; participar na elaboración dos plans de mellora da calidade; elixir aos seus representantes no Consello Social; emitir informe de cara ó nomeamento do director ou directora do centro e calquera outra función que lle atribúa a Consellería de Educación, no ámbito das súas funcións.



## ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

### 1. Da área de calidade, innovación e orientación profesional

- Departamento de información e orientación profesional
  - Coordinación de emprendemento
- Departamento de calidade e innovación
  - Coordinación de innovación e formación do profesorado
  - Coordinación das tecnoloxías da información e da comunicación
  - Coordinación de programas internacionais
- Departamento de relación con empresas
- Departamento de acreditación e probas

### 2. Da área de formación

- Departamento de Formación e Orientación Laboral
- Departamento de Transporte e mantemento de vehículos
- Departamento de Fabricación Mecánica
- Departamento de Madeira, moble e cortiza
- Departamento de Instalacións e mantemento
- Departamento de Enerxía e auga
- Departamento de dinamizacións de idiomas
  - Coordinación do equipo de dinamización da lingua galega
  - Coordinación da biblioteca

### 3. Da área de administración e xestión

- Comisión de saúde e seguridade laboral

Así mesmo, entre o persoal do centro e do consello social formaranse os equipos e comisións necesarios para elaborar plans, coordinar actividades e realizar seguimentos no desenvolvemento das obrigas do CIFP, a saber:

- Comisións de avaliación: para organizar, coordinar e supervisar o procedemento para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional e realizar o seu seguimento.
- Comisión de profesorado do centro: encargada da redacción do proxecto lingüístico da escola, nomeada pola dirección.
- Equipo de dinamización da lingua galega, coa correspondente figura de coordinador/a.
- Equipos docentes: de cada grupo de alumnos para xestionar as funcións relacionadas con ese grupo de alumnado. Estes serán coordinados polas correspondentes titorías.
- Comisión de convivencia.

Os departamentos estarán dirixidos por un xefe ou xefa do departamento e as coordinacións por un coordinador ou coordinadora. Todos actuarán baixo a dirección do xefe ou xefa da área funcional á que pertencen.

O seu nomeamento e cesamento, as súas competencias e o seu funcionamento: recóllense no Decreto 77/2011 e na Orde do 29 de xullo de 2011, sen prexuízo da normativa específica que se debe ir aplicando ás diferentes actividades.

## 4 Procedementos de xestión do CIFP (ANEXO II)

O centro, por medio dos procedementos de xestión, aspira a aumentar a satisfacción dos seus usuarios (alumnado, familias e empresas) mediante a aplicación eficaz dun sistema de xestión da calidade, o que abrangue a mellora continua na prestación do servizo e o aseguramento da conformidade, tanto cos requisitos do usuario como cos legais e os regulamentarios aplicables.

Os requisitos da norma ISO 9001:2015 están recollidos e asociados á documentación e aos procedementos do Sistema de Xestión da Calidade, trazando cada requisito co procedemento ou cos procedementos que os desenvolven.

O Sistema de Xestión da Calidade alcanza, como núcleo principal, todos os tipos e niveis de ensino regrado impartidos no centro en forma de cursos, tanto en réxime ordinario, como en réxime de ensinanza de persoas adultas, e, complementariamente, as actividades de apoio desenvolvidas no centro e que constan na listaxe de documentación en vigor.

Os procedementos a través dos cales se aplica o SXC, agrúpanse nos seguintes tipos, e están desagregados no propio manual de calidade da rede de CIFP.

TIPOS PROCESOS		Procedementos	
Procesos estratéxicos	Proceso de planificación e xestión	PR51LID Liderado. PR61RIS Riscos e oportunidades PR62XES Planificación do SXC.	PR81PLA Planificación curso escolar. PR74CIN Comunicación interna. PR75CDC Control da documentación e dos rexistros.
Procesos operativos	Ensino aprendizaxe	PR85PRO Programación. PR85ACF Actividades complementarias a formación. PR85ACO Acollemento do alumnado. PR85AUL Actividades aula.	PR85AVA Avaliación. PR85FCT Formación en centros de traballo. PR85ORI Orientación.
	Acreditación de competencias	PR85APF Acreditación probas e formación non regrada.	
Procesos de apoio	Xestión do persoal	PR71CAL Calibración. PR71FOR Formación. PR71ACP Acollemento persoal.	
	Compras	PR84COM Compras.	
	Mantemento	PR84MAN Mantemento	
	Medición, análises e mellor	PR91SAT Satisfacción PR92AUD Auditoría interna PR93REV Revisión do SXC PR12NCA Non Conformidades.	

## 5 Oferta integrada do CIFP

### 5.1. Ensinanzas propias da formación profesional inicial

No CIFP Valentín Paz impártense Ciclos Formativos de Grao Básico, Medio e Superior en réxime ordinario e en réxime de adultos (presencial e distancia) que pertencen a cinco familias profesionais: Enerxía e auga, Fabricación Mecánica, Instalación e mantemento, Madeira, moble e cortiza e Transporte e mantemento de vehículos.

#### **F.P. ENERXÍA E AUGA**

- CS Enerxías renovables. Réxime ordinario.
- CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica. Réxime ordinario e adultos (oferta modular completa na modalidade a distancia).

#### **F.P. FABRICACIÓN MECÁNICA**

- CM Soldadura e Caldeiraría. Réxime ordinario e adultos (oferta modular completa na modalidade presencial). No réxime de adultos a partir do curso 2018-19 tamen existe a modalidade de DUAL
- CS Construcións metálicas. Réxime ordinario.
- CS Deseño en fabricación mecánica. Réxime ordinario.
- CS Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros. Réxime de adultos (oferta completa na modalidade presencial).

#### **F.P. INSTALACIÓN E MANTEMENTO**

- CM Instalacións frigoríficas e de climatización. Réxime ordinario e adultos (oferta modular completa na modalidade presencial).
- CM Instalacións de produción de calor. Réxime adultos (oferta parcial na modalidade presencial).
- CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos. Réxime ordinario.

#### **F.P. MADEIRA, MOBLE E CORTIZA**

- CM Carpintaría e moble. Réxime ordinario.
- CM Instalación e amoblamento. Réxime adultos (oferta completa na modalidade presencial).

- CS Deseño e amoblamento. Réxime ordinario.

### **F.P. TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS**

- CB Mantemento de vehículos. Réxime ordinario.
- CM Carrozaría. Réxime ordinario.
- CM Electromecánica de vehículos. Réxime ordinario e adultos (oferta modular completa na modalidade presencial).
- CS Automoción. Réxime ordinario e adultos (oferta modular completa na modalidade presencial), no réxime de adultos a partir do curso 2018-19 tamen existe a modalidade de DUAL

## **5.2. Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras**

Este tipo de accións realizaranse atendendo ás directrices descritas no procedemento de *Acreditación, probas e formación non regrada*; onde se describe a metodoloxía xeral que se seguirá, e se indica a sistemática de referencia para o deseño de metodoloxía específica para cada tipo de accións que se poden ir sucedendo en distintos cursos, e mesmo no mesmo ano académico.

Ao inicio do curso os departamentos didácticos farán unha proposta de actividades de formación para o emprego que entregarán ao equipo directivo (xefatura da área de formación), entregando copia da Acta da reunión do departamento na que se decida.

A dirección do CIFP tramitará estas propostas ás administracións correspondentes ou realizará os acordos con empresas ou institucións.

Unha vez aprobadas as accións formativas, a xefatura da área de formación organizará e realizará o seguimento das mesmas aportando os recursos materiais e humanos precisos e coordinándose cós departamentos correspondentes.

Naquelas outras accións non formativas (acreditación competencias, probas libres, etc) o equipo directivo organizará o desenvolvemento das mesmas coordinando todos os departamentos afectados e asignando o persoal e recursos necesarios, seguindo as directrices da Consellería.

Concretamente, en canto as accións planificadas polo centro, especificamente para o apoio á inserción son:

- ✓ Contacto con empresas potencialmente demandantes de emprego para axustar a posible oferta formativa de formación para o emprego á demanda do sector produtivo.

- ✓ Relación con empresas, para acadar posibles prácticas en empresas despois da formación para o emprego de traballadores desempregados.
- ✓ Desenvolvemento e mellora da páxina web e da Bolsa de traballo. Traballar, para a incorporación de ofertas de emprego e incorporación de CV de solicitantes de emprego.
- ✓ Proporcionar servizo de atención especializada para guiar o desempregado no seu proceso de procura de emprego a través do departamento de orientación laboral a alumnos demandantes de emprego e coas colaboracións de asociacións empresariais.

En cada Plan anual especificaranse aquelas accións en curso e as previstas, e nas memorias anuais valoraranse as acontecidas nese curso e proporanse no caso outras.

### 5.3. **Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada**

A intensidade na realización deste tipo de accións estará en función dos recursos humanos dispoñibles no centro atendendo a prioridades de accións e recursos materiais dispoñibles. Así e todo, as medidas dispostas no centro para promover ditas accións, centraranse en recompilar toda a información posible sobre as vías de mellora da cooperación entre empresa e o centro; principalmente a través de:

- Tutores de FCT: a través das visitas e charlas frecuentes sobre diferentes aspectos da empresa e en concreto da experiencia cos alumnos en FCT e as posibles melloras neste sentido. Levando esta información directamente aos departamentos.
- Dpto de orientación: obtendo mediante unhas preguntas directas, unha retroalimentación dende as empresas onde alumnos xa titulados foron a realizar enquisas de traballo. Esta información é analizada no departamento de orientación e entregada aos departamentos relacionados.
- Outras vías derivadas da propia relación continua entre empresas e a propia poboación traballadora, co CIFP.

Na aparición das oportunidades de accións deste tipo, véñense realizando accións de formación para o emprego, asociadas á formación a demanda; colaborando na disposición de instalacións para esta formación, na que á vez pode participar o profesorado, tanto impartindo como recibindo formación.

## 5.4. Outras

Durante os vindeiros cursos académicos, en función dos recursos humanos, económicos e materiais dispoñibles, o centro estará aberto a accións como:

- Participación en probas de carnés e habilitacións profesionais.
- Participación en feiras e competicións relacionadas coa formación profesional.
- Participación en proxectos de innovación e formación do profesorado.
- Tutorización de prácticas de mestrado do profesorado.
- Tutorización de prácticum de profesorado de FP.
- Creación de novas seccións bilingües.
- Implementación dalgún ciclo plurilingüe.
- Aqueloutras que lle poidan propor dende entidades públicas ou privadas.

## 6 Programacións das accións formativas existentes no CIFP

Todas as accións formativas regradas e non regradas serán planificadas segundo indique a normativa que lle afecte e organizadas de forma que sexa eficiente e efectivo o alcance dos obxectivos que se prevexan.

No caso da **formación regrada**, e segundo a oferta existente no centro, cada departamento responsabilizarase da disposición de programacións de todos os módulos dos distintos ciclos nas diferentes modalidades. Estas programacións de módulo, agás a do módulo de formación en centros de traballo e a do módulo de proxecto dos ciclos formativos de grao superior, organizarase en unidades didácticas e axustarase ao establecido no modelo do anexo XIII da orde do 12 de xullo de 2011. Estas programacións realizaranse por tanto, mediante a aplicación informática dispoñible, quedando rexistradas na mesma sen prexuízo da necesaria disposición polos departamentos, polo equipo directivo, e polo alumnado nas versións que a propia mencionada orde indica.

En canto a accións relacionadas con **acreditacións, probas e formación non regrada**; no momento de prevelas e despois de que se dispoña das comisións e quipos e persoal necesario para levalas a cabo, realizarase un programa de acción para cada unha, sen prexuízo das programacións específicas necesarias que se indiquen nas normas que afecten.

A aplicación do Sistema de xestión de calidade, mediante os seus procedementos, indicará a metodoloxía que haberá que aplicar en cada caso, e ditaminará os aspectos a ter en conta respecto ao seguimento destas actividades, a recollida de resultados e obtención da valoración das distintas accións.

## 7 Plan de orientación profesional (Anexo III)

---

O plan de orientación profesional figura no anexo III, e é revisado anualmente, advertindo das posibles modificacións no plan anual.

### 7.1. Plan de acción tutorial (Anexo IV)

O plan de acción tutorial figura no anexo IV, e é revisado anualmente en base ao acontecido durante cada curso en relación coa eficiencia da súa aplicación.

## 8 Proxecto lingüístico do CIFP (ANEXO V)

---

O proxecto lingüístico do centro figura como anexo IV.

## 9 Plan de autoprotección (ANEXO VI)

---

O plan de autoprotección do centro figura como anexo V. Este é revisado pola comisión de seguridade e saúde laboral.

## 10 Plan de organización e convivencia da residencia (de ser o caso)

---

O centro non dispón de residencia. Polo tanto a descrición para este punto 10, non procede.

### 10.1. Descrición da residencia: instalación, persoal, destinatarios, servizos ofrecidos, horario e uso de instalacións

Non procede.

### 10.2. Réxime de funcionamento

Non procede.

### 10.3. Réxime de convivencia

Non procede.

### 10.4. Programación de actividades

Non procede.

### 10.5. Orzamento

Non procede.

### 10.6. Plan de autoprotección

Non procede.

### 10.7. Criterios e indicadores de avaliación da xestión da residencia

Non procede.

## 11 Dispoñibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIFP

---

O CIFP Valentín Paz Andrade é un centro de formación no que se desenvolven actividades formativas relacionadas coas familias profesionais de Fabricación Mecánica, Instalacións e mantemento, Enerxía e Auga, Madeira e moble e Transporte e mantemento de vehículos; así coma outras actividades de formación para o emprego, procesos de acreditación de competencias profesionais e accións de colaboración e innovación. Conta con espazos e instalacións axeitadas para desenvolver as actividades formativas descritas con anterioridade (formación reglada, formación para traballadores desempregados, etc.): aulas específicas, talleres, ...

O centro dispón ademais de outros servizos complementarios: viveiro de empresas, biblioteca, cafetería, aparcamento propio, reprografía, salón de actos, pista deportiva, etc. Todos estes servizos están destinados ao persoal do centro, aos estudantes e aos traballadores e traballadoras (desempregados e ocupados) que o precisasen e solicitasen.

As instalacións do centro poden ser postas a disposición de empresas, institucións, organismos públicos e privados e outras entidades que queiran desenvolver actividades formativas ou



complementarias que dean resposta ás necesidades de cualificacións das persoas, nas condicións que previamente sexan acordadas por o centro e as partes implicadas. Deste xeito garantizamos unha das funcións que como centro integrado temos asignada.

O centro ten un horario, con carácter xeral, de 8.00 a 22.00 h. O horario de atención ao público na administración é de 9.00 a 14.00 h. de luns a venres.

O horario no que se desenvolverán as actividades formativas será: de 8.30 a 15.00 h. por a mañá e de 16.30 a 22.00 h. por a tarde; en caso de necesidade pódese iniciar a actividade ás 15.30 h.

## 12 Dereitos e deberes do alumnado

Os dereitos e deberes dos alumnos/as están recollidos na LEI 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Título 1, Artigo 7.

**DEREITOS DOS ALUMNOS/AS (Artigo 7, Punto 1).** Recoñecenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situación de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración nos termos previstos pola Lei (Título IV Lei de convivencia).
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

**DEBERES DOS ALUMNOS/AS (Artigo 7, Punto 2).** Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as función e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalación e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir a s directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir á clase con puntualidade e co material preciso.

Estes dereitos e deberes do alumnado terán maior grao de definición no Plan de convivencia que se incorporará a este Proxecto funcional. Así mesmo a difusión destas normas e deberes, terá lugar de cara ao propio alumnado mediante a web do CIFP e na propia Guía do alumnado.

## 13 Outros proxectos ou plans que o CIFP pretende desenvolver

O centro dispón do **Plan de atención á diversidade**. ANEXO VII (MD85ORI05 Plan xeral atención á diversidade), pendente de aprobación polo Consello Social.

No curso 2018-19 comeza a desenvolver o Plan de Convivencia e a aplicar as NOF (Normas de Organización e Funcionamento do CIFP)

DILIXENCIA: para facer constar que o presente Proxecto Funcional de Centro foi aprobado no Consello Social do Centro Integrado de Formación Profesional Valentín Paz Andrade na sesión ordinaria do día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

O DIRECTOR

O SECRETARIO